



CEIP ISAAC DÍAZ PARDO

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

Introdución

Datos básicos do centro

Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

Breve xustificación do mesmo

Proceso de elaboración

Situación de partida

Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Fontes empregadas para a análise DAFO

Análise DAFO

Plan de Acción

Obxectivos, indicadores e accións

Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Avaliación do PD

Seguimento do Plan de Acción

Propostas de mellora (revisión)

Difusión do PD

Introdución

Os centros educativos forman parte dun mundo en cambio permanente e dunha sociedade e mercado laboral cada vez máis dixitalizado e por esa razón, os centros educativos deben dar respostas a esas necesidades e demandas da sociedade e mercado laboral para poder formar cidadás do futuro coas competencias necesarias para desenvolverse nunha contorna dixitalizada. O uso da tecnoloxía nas diversas prácticas que teñen lugar nunha organización escolar, dende as relacionadas coas cuestións organizativas, ata as propias dos procesos de ensino e aprendizaxe é xa ineludible.

A Educación é un recurso clave para asegurar a igualdade social, a promoción das persoas e máis xenericamente a mellora das condicións de vida de comunidades e persoas. Así pois, a Estratexia Europa 2020 recoñece a necesidade dunha transformación dos sistemas de educación e formación que garanta a adquisición de competencias dixitais, que á súa vez permitan aproveitar as oportunidades.

Por outra banda, as organizacións educativas teñen a necesidade de revisar as súas estratexias co obxectivo de mellorar a súa capacidade para promover a innovación e sacar o máximo partido das tecnoloxías da información e da comunicación, e dos recursos educativos dixitais.

Mediante o obxectivo do Plan Dixital de Centro, pretendemos:

- Avaliar a situación do centro educativo con relación ao uso das TIC nos distintos elementos clave que recolle o Marco Europeo para Organizacións Educativas Dixitalmente Competentes, para poder, a continuación, deseñar e emprender un proceso de transformación no centro.
- Recoñecer o Plan Dixital de Centro como un recurso clave para a planificación da estratexia dixital dunha organización educativa.
- Transformar o centro educativo nunha organización que aprende, sendo só posible se é unha organización dixitalmente competente.
- Valorar as implicacións das organizacións escolares para desenvolver unha cultura dixital nas mesmas.

Datos básicos do centro

O centro atópase no Concello de Culleredo (A Coruña). Culleredo é un municipio galego situado no bloque central da provincia da Coruña. Conta cunha superficie de 63,2 km² na que se integran as 11 parroquias que conforman o seu territorio. O municipio ten como límites, polo norte, a cidade da Coruña e, ao outro lado dá ría do Burgo, o mar; polo sur, o termo municipal de Cerceda; polo leste, os termos municipais de Oleiros, Cambre e Carral; e, polo oeste, coa Coruña, Arteixo e A Laracha.



O C.E.I.P. Isaac Díaz Pardo encóntrase no linde entre as parroquias de Almeiras e O Burgo, e recibe a maioría do seu alumnado desta última.

A zona de influencia do colexio é bastante urbana e o nivel socioeconómico da poboación podemos clasificalo como medio.

O CEIP Isaac Díaz Pardo conta con 19 unidades de dúas liñas: 5 aulas da etapa de EI de 3 a 5 anos, 13 aulas de 6 a 12 anos pertencentes á etapa de EP. O centro é de Escolarización Preferente de alumnado con TXD.

O colexio consta dun edificio principal e dunha zona exterior dividida nun patio cuberto, unha pista polideportiva para a Etapa de E. P., e un patio cun areeiro e un centro de xogos (bambáns, tobogáns, cordas, ...) para a Infantil. O edificio sitúase nun recinto pechado por un muro que ten unha única entrada que conecta co edificio principal. O edificio principal está composto de planta baixa e dous andares.

A xornada escolar lectiva é continuada en sesión de mañá, de luns a venres.. O centro conta con servizo de almorzos, xestionado pola ANPA en horario de 7:30h a 9:00h; comedor, de xestión indirecta, de 14:00h a 16:00h e actividades extraescolares, tamén xestionadas pola ANPA, de 16:00h a 18:00h.

Na primeira hora da mañá, temos 20 minutos adicados ao Plan Lector. A distribución dos tempos é a seguinte:

Lectura	1ª sesión	2ª sesión	3ª sesión	Recreo	4ª sesión	5ª sesión
9:00 - 9:20	9:20 -10:10	10:10 11:00	11:00 11:50	11:50 12:20	12:20 13:10	13:10 14:00

O centro conta con rede Wi-fi, que leva sinal a todas as aulas e departamentos.

Cada aula conta cun ordenador e pizarra dixital. As impresoras están distribuídas por dirección, conserxería, algunha titoría, aula TIC, biblioteca, dúas aulas de PT, unha de A.L. e Departamento de orientación. Ademais hai equipos completos na aula de inglés e na aula de relixión.

Na aula de informática os ordenadores contan con auriculares, micrófono, altofalantes, conexión a internet e un encerado dixital. .

A biblioteca está dotada cun amplo número de libros en castelán, galego e algúns exemplares en inglés. Conta con mesas, cadeiras e ordenadores para a busca de información por parte dos alumnos. Neste ano, ademais, mercáronse unhas tablets que estarán a disposición do alumando de cara ao curso que vén. Seguimos aumentando o catálogo e mellorando a nosa biblioteca, en parte, grazas a pertencer ao Plambe.

As aulas de Pedagogía Terapéutica (ademais do mobiliario axeitado) contan cunha serie de materiais específicos. Unha delas conta, ademais cunha pizarra dixital. Precisamos seguilas dotando de material específico e informático para mellorar o traballo diario.

A aula de Audición e Linguaxe necesita unha pizarra dixital, xa que isto favorecería a consecución dos obxectivos específicos e será moi motivante para o traballo co alumnado.

Destacar que a presenza, cada vez maior, das novas tecnoloxías nas aulas fan que o orzamento sexa moi escaso, xa que o seu mantemento resulta cada vez máis caro.

Para o vindeiro curso seguiremos no proxecto EDIXGAL, para os cursos de 5º e 6º de primaria.

Recursos persoais do centro

Cóntase coa aprobación e participación da totalidade da Comunidade Educativa.

Alumnado do centro

O CEIP Isaac Díaz Pardo conta cun total de 360 alumnos e alumnas.

O CEIP Isaac Díaz Pardo está adscrito ao IES REGO DE TRABE.

1.2 Relación das iniciativas relacionadas coa educación emocional

O proxecto de formación permanente do profesorado: propón tres liñas de actuación:

Convivencia: seguindo unha liña adicada a mellora da convivencia, coa finalidade de favorecer un bo clima de traballo. Fomentar a formación do profesorado de cara a aplicar as estratexias na aula, para favorecer as relacións.

Edixgal, Robótica e Ferramentas de avaliación: a liña fomenta a implementación das innovacións tecnolóxicas que a sociedade demanda.

Os Proxectos de innovación educativa en materia de educación emocional levados a cabo no centro son os seguintes:

- **Plan Proxecta:** Centros activos e saudables: A idea principal deste proxecto é fomentar a actividade física e saudable do alumnado do centro, creando hábitos que perduren no tempo. Centraremos sempre que sexa posible en dinamizar os tempos de lecer, propoñendo diferentes actividades. Buscaremos o acceso a ditas actividades tanto dos nenos coma das nenas como de aqueles que presentan algunha necesidade específica de apoio educativo, sen existir ningún tipo de discriminación.

-**Proxecto PLAMBE:** A nosa biblioteca caracterízase por levar a cabo diferentes actividades de dinamización non só da lectura senón da convivencia do centro.

- **PLAN DIRECTOR da Garda Civil:** Un plan de prevención que ten por obxectivo concienciar e formar a comunidade escolar sobre certos riscos que supoñen un perigo: acoso escolar, convivencia de xénero. Son charlas para toda a comunidade educativa por parte das forzas de seguridade

Proxecto LÒVA: LÒVA é un proxecto educativo integral que utiliza a creación dunha compañía e a produción dunha ópera como plataforma para a aprendizaxe.

Proxecto EDUCACIÓN RESPONSABLE: Un programa que favorece o crecemento físico, emocional, intelectual e social das persoas, promove a comunicación e mellora a convivencia nos centros escolares a partir do traballo con docentes, alumnado e familias. Participan colexios de Cantabria xerando un modelo de actuación que xa se estendeu a unha Rede de Centros ER en Madrid, A Rioxa, Navarra, Galicia, Murcia, Castela e León, Aragón, Comunidade Valenciana, Cataluña e a extensión internacional en Uruguai -co fundamental apoio da Asociación Civil Emocionarche e Plan Ceibal-, Chile -da man da Corporación Adianto Amigos de Panguipulli-, México -promovido por PROED coa inestimable axuda da Fundación Xigante- e tres países en Centroamérica (Honduras, Nicaragua e O Salvador) co impulso da Fundación Terra.

Ademais o centro leva a cabo outras accións encamiñadas a concienciación do alumnado sobre temáticas coma: respecto ao medio ambiente, ecoloxía, mellora da convivencia, que aínda que non se inclúen en ningún programa da Consellería forman parte da vida do centro, están organizadas,

secuenciadas e recollidas en diversos documentos do centro. Fomentando así dun xeito transversal unha educación integral en valores.

Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O profesorado do CEIP Isaac Díaz Pardo formouse e fórmase continuamente no campo das tecnoloxías para poder ofertar ao alumnado unha educación de calidade. Dende o centro leváronse a cabo diversos Plans de formación permanente nesta liña, pero tamén o profesorado, a título individual, realizou formacións a través do Plan anual de formación do profesorado.

O centro forma parte do Proxecto Abalar dende o curso 2011-12, pasando a incluírse no Proxecto E-dixgal en 5º e 6º de primaria, no curso 2018-2019; ademais contamos para o vindeiro curso en 4º de primaria con Snappet, unha plataforma de ensino deseñada para ser utilizada nos colexios por alumnos e profesores. Os contidos que ofrece están adaptados ao currículo oficial de cada comunidade nas materias de Matemáticas, Linguas e Inglés. Entre as vantaxes desta plataforma dixital educativa destaca a facilidade que ofrece o seu panel de datos aos profesores para realizar o seguimento e a análise da evolución de cada alumno.

Ademais, posibilita a adaptación da aprendizaxe para cada estudante ofrecendo a posibilidade de crear un roteiro único e personalizado. Vexamos detidamente como funciona Snappet e que vantaxes ofrece nunha contorna educativa que cada día tende máis á súa dixitalización e ao uso das novas tecnoloxías nas aulas e fóra delas.

A finalidade dun centro educativo é que o alumnado aprenda, se forme e se desenvolvan como individuos da sociedade na que viven. En consecuencia, a propia organización vai mellorando a través da súa práctica e da reflexión sobre ela, así como das relacións que establece coa súa contorna. O Plan Dixital de Centro debe encaixar no contexto institucional máis amplo que vén recollido noutros documentos institucionais, como o Proxecto Educativo de Centro e concretado anualmente na Programación Xeral anual, e devanditos documentos deben estar en total consonancia e ser complementarios, polo que no mes de setembro, e tendo en conta a situación do centro estableceranse as concrecións do plan na Programación Xeral Anual do curso 22/23.

O centro ten solicitado, para o vindeiro curso 2022/2033 a inclusión no proxecto POLOS CREATIVOS, un espazo que funcionará como centro de actividades no que se traballe a intelixencia artificial e outras tecnoloxías intensivas, o procesado audiovisual e artístico, a realidade virtual e a impresión

3D, as tecnoloxías de control computerizado e fabricación aditiva, o mecanizado de diferentes materiais, a electromecánica, a robótica e os microcontroladores, entre outras.

Será, por tanto, un espazo aberto á comunidade para favorecer o desenvolvemento de competencias dixitais, científico-tecnolóxicas e artísticas. En concreto, facilitará a solución conxunta de problemas coa participación de alumnado, profesorado e familias, e fomentará especialmente aquelas accións que impliquen a participación de nais e pais xunto cos seus fillos e fillas en actividades tanto de formación como de creación.

Breve xustificación do mesmo

Este Plan Dixital de Centro recollerá as accións a desenvolver para mellorar a competencia dixital do centro. Aínda que o proceso de desenvolvemento e difusión de tecnoloxías é imparabile, parece que xa se consolidaron unha serie de recursos, ferramentas e servizos que permiten mellorar os procesos educativos, non só os que ocorren na aula, senón tamén todos aqueles que contribúen a que os centros educativos cumpran coa súa función formativa. Tendo en conta o mundo no que vivimos, é necesario que abordemos a tecnoloxía desde unha perspectiva máis global, mirando o centro como a unidade de transformación e deseñando plans de mellora que poidan ser desenvolvidos co impulso do equipo directivo dun centro. O Marco de Competencia para Organizacións Educativas Dixitalmente Competentes permítenos facer unha análise da realidade dos nosos centros e deseñar un plan de acción desde esa perspectiva holística.

A lexislación de referencia para a elaboración e posta en marcha do plan é, basicamente, a seguinte:

Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación

Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022

Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022

Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos cen-

tros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

Proceso de elaboración


O deseño do Plan Dixital de Centro recolle as ideas principais, determina as prioridades e establece os niveis de planificación (programas, proxectos e/ou accións) que marcarán o plan de traballo do CEIP Isaac Díaz Pardo no proceso de cambio e mellora.

A participación do equipo directivo no proceso de deseño e implementación do Plan Dixital de Centro foi clave, tanto pola visión global (na fase de deseño), como pola capacidade para mobilizar recursos da organización e de xerar liderados distribuídos que permiten o cambio atendendo a principios democráticos (na fase de implementación).

O Plan Dixital de Centro permite á comunidade educativa:

- Visualizar onde quere que chegue o centro.
- Entender onde está actualmente.
- Trazar o camiño que leve dun estado ao outro.

O proceso que se seguiu foi o establecido pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, en concreto seguinte:



No equipo de Dinamización do Plan Dixital están representados todos os ciclos que establece a Lomloe, dinamizador/a das TICs e o equipo directivo do centro, que traballan de xeito coordinado co fin de elaborar o Plan Dixital e poder implementalo con eficiencia.

Situación de partida

Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O colexio conta con rede wifi á que se conectan todas as aulas do centro. Na práctica atopamos dificultades de conectividade recurrentes, ben porque non chega o sinal coa intensidade precisa ou porque se ve afectada a conectividade do propio centro, que aínda non conta con fibra óptica.

Contamos con cinco aulas dixitalizadas co proxecto E-Dixgal

A continuación aparece o inventario realizado no curso 2020/2021:

Equipamento dixital	Unidades	Estado
Pizarras dixitais	23	Regular
Proxectores	23	Regular
Ordenadores de mesa aulas	27	Regular
Ordenadores administración	4	Regular
Portátiles aulas	7	Regular
Equipo de son de aula	3	Regular
Convertibles alumnos Edixgal	105	Regular
Portátiles profesorado Edixgal	9	Regular
Portátiles para alumnos en estado de exclusión social	6	Regular
Televisión	1	Regular
Reprodutor de vídeo	1	Regular
Scanner	3	Regular
Equipos sala profesores	3	Regular
Equipos aula de informática	18	Regular
Reprografía	4	Regular
Outras impresoras	1	Regular

Detectamos que algúns dos equipamentos funcionan con lentitude e precisan revisión ou reposición.

O centro posúe unha páxina web na que se pode consultar información de interese e a aula virtual está operativa para que todas as clases poidan facer uso delas; de feito, coa situación sanitaria derivada do Covid- 19, o alumnado confinado, podía seguir as clases a través desta plataforma. Tamén se usaron ps sistemas videoconferencia aportados pola consellería (Cisco Webex e Big-bluebutton) que, en moitos casos, estaban vinculados ás salas dos titores dentro da aula virtual. Así mesmo, o centro usa de xeito rutinario o Espazo Abalar e a aplicación Abalarmóbil para as comunicacións coa familia.

Pola súa parte, a revisión e mantemento dos equipos do centro realízaa periodicamente unha empresa especializada.

Co fin de mellorar as condicións en equipamento dixital e computacional, o colexio vén de solicitar a súa participación no programa de Polos Creativos coa intención de desenvolvelo a partir do vindeiro curso no centro.

Fontes empregadas para a análise DAFO

Areas	Grupos	Ensinanzas
		INFANTIL-PRIMARIA
A -Liderado	Equipo Direct.	3,4
	Profesorado	2,9
	Alumnado	-
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2,8
	Profesorado	2,5
	Alumnado	3,1
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	2,8
	Profesorado	3,2
	Alumnado	4,1
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4
	Profesorado	3,2
	Alumnado	-

E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3,8
	Profesorado	3,9
	Alumnado	-
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3,6
	Profesorado	2,9
	Alumnado	3,4
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3,3
	Profesorado	2,5
	Alumnado	-
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3,9
	Profesorado	3,1
	Alumnado	4

Test CDD

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	17	22	77,3%
PROVISIONAL	6	7	85,7%
INTERINO	2	2	100%
SUBSTITUTO	1	5	20%
DESPRAZADO	1	1	100%

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
71,8%	Integrador B1	76,5	Integrador B1

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INF	69,6%	Integrador B1	68,2	Integrador B1
PRIM	71,3	Integrador B1	77	Integrador B1

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
<u>A1</u>		
<u>A2</u>	14	51,9%
<u>B1</u>	9	33,3%
<u>B2</u>	3	11,1%
<u>C1</u>	1	3,7%
<u>C2</u>		
TOTAL	27	100%

Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CA TE GO RÍ AS	INFRAESTRU- TURAS- EQUI- PAMENTO	<p>C1. Equipamento aceptable do centro en medios dixitais para poder arrincar o Plan de Dixitalización do Centro.</p> <p>C5. O centro ten contratada unha asistencia técnica externa para resolver os problemas puntuais que poidan xurdir. Por outra banda, as aulas Edixgal contan co servizo de reparación contratado pola consellería.</p> <p>C8/ C10 O alumnado de 5º e 6º de primaria conta co seu propio convertible para traballar tanto no centro como na casa.</p> <p>C11. O centro ten un sistema de detección de alumnado afectado pola fenda dixital.</p>	<p>C14. No noso centro, os espazos físicos non facilitan o ensino e a aprendizaxe coas tecnoloxías dixitais debido aos problemas derivados da conectividade.</p> <p>C8. O centro non conta con dispositivos (convertibles, tabletas,...) para todo o alumnado.</p> <p>C1. O centro conta com unha infraestrutura dixital deficiente: carece de fibra e detéctanse deficiencias de cableado que lle afectan á conectividade tanto das aulas Edixgal coma ao resto das clases do centro.</p> <p>C2. Os docentes contan con dispositivos dixitais, pero moi antigos, que están moi obsoletos e fallan con frecuencia.</p>

PERSOAL DO-CENTE

A3. O noso equipo directivo apoia ao profesorado nas competencias dixitais para o ensino. O profesorado conta co apoio do equipo directivo nesta competencia.

B3. No noso centro empregamos as tecnoloxías dixitais para colaborar con outras organizacións.

D1. O equipo directivo considera que ten en conta as necesidades de desenvolvemento profesional relacionadas coa tecnoloxía.

D2. O profesorado e o equipo directivo considera que temos acceso a formación en estratexias dixitais.

E1. Os nosos profesores buscan recursos educativos dixitais na rede.

E2. O noso profesorado participan na creación de recursos dixitais.

E3. O noso profesorado emprega contornas virtuais de aprendizaxe, sobre todo nos dous últimos cursos de Educación Primaria.

E4. O noso profesorado utiliza tecnoloxías dixitais para a comunicación relacionada co centro educativo.

E5. Os nosos profesores utilizan recursos educativos abertos.

F1. Os nosos profesores utilizan as tecnoloxías dixitais para adaptar o

Detéctanse necesidades de formación continua.

A4. O profesorado non conta con tempo suficiente para explorar a ensinanza dixital.

D1. O profesorado considera que non reflexionamos abondo sobre as necesidades de formación.

F3. O profesorado non emprega as tecnoloxías dixitais para fomentar a creatividade do alumnado.

F5. O noso profesorado non emprega as tecnoloxías o suficiente para favorecer a colaboración grupal dos nenos/as.

F6. O noso profesorado non fomenta a participación do alumnado en proxectos interdisciplinares utilizando tecnoloxías dixitais.

G1. O profesorado non utiliza as tecnoloxías para avaliar as capacidades dos alumnos/as.

G5. O profesorado non utiliza as tecnoloxías dixitais para que o alumnado reflexione sobre a súa aprendizaxe

G6. O profesorado non emprega as tecnoloxías dixitais para que o alumnado poida levar a cabo comentarios sobre o traballo dos seus compañeiros.

G7. O equipo directivo non establece

<p>PERSOAL NON DOCENTE</p>	<p>E1. Busco recursos educativos dixitais en internet.</p>	<p>E2. Creo recursos dixitais para reforzar o meu método de ensino.</p> <p>F4. Non levo a cabo actividades aprendizaxe dixital que motive o alumnado.</p>
-----------------------------------	--	---

ALUMNADO

F1. O alumnado considera que o profesorado emprega as tecnoloxías para adaptarse as súas necesidades e desenvolvemento.

F4. Os alumnos/as pensan que o profesorado empregan actividades dixitais motivadoras.

C8. O alumnado pode empregar ordenadores ou tabletas do centro.

C10. No noso centro, hai dispositivos portátiles propios e xestionados pola escola que os alumnos poden levar a casa cando o precisen, mais soamente en 5º e 6º de Educación Primaria.

H1. No noso centro o alumnado aprende a actuar con seguridade en internet.

H3. No noso centro o alumnado aprende a comprobar se a información que atopa en internet é fiable e precisa.

H4. No noso centro o alumnado aprende a comprobar se a información que atopa en internet é fiable e precisa.

H6. No noso centro o alumnado aprende a dar crédito ao traballo doutras persoas que atoparon en internet.

H8. No noso centro o alumnado aprende a comunicarse mediante as tecnoloxías dixitais.

F5. O alumnado non emprega o suficiente a tecnoloxía para o traballo grupal.

C13: No noso centro o alumnado non pode levar os seus propios dispositivos portátiles e utilízalos durante as clases.

H7. No noso centro o alumnado non aprende a crear contidos dixitais.

H11. No noso centro o alumnado non aprende a codificar ou programar.

H13. No noso centro o alumnado non aprende a resolver problemas técnicos que se presentan ao utilizar as tecnoloxías dixitais

	FAMILIAS	C13.O alumnado de 5º e 6º conta co seu propio convertible, facilitado por Edixgal, que levan e traen.	C13. Non se lle permite ao alumnado o uso de dispositivos persoais no centro.
	OFERTA	A 3. O profesorado síntese apoiado polo equipo directivo á hora de implementar novas tecnoloxías na práctica docente.	

<p>ORGANIZACIÓN DO CENTRO</p>	<p>A2. O equipo docente amosa interese por participar no desenvolvemento dunha estratexia dixital.</p> <p>G8. O Equipo docente facilita ao alumnado o uso das tecnoloxías dixitais para documentar a súa aprendizaxe nas aulas de quinto e sexto onde existe edixgal.</p>	<p>A. 1. Falta dunha estratexia dixital definida no centro. A4. O horario docente non deixa tempo para adicar a mellora e exploración de tecnoloxías dixitais.</p> <p>B1. Non está afianzado o emprego das tecnoloxías dixitais para a avaliación.</p> <p>B4. Raramente colaboramos con outros centros ou organizacións para apoiar o uso das tecnoloxías dixitais.</p> <p>C 5. A dispoñibilidade da asistencia técnica é escasa para as necesidades que presenta o centro.</p> <p>C 12. Na nosa escola, deberíamos mellorar o plan para axudar aos profesores a afrontar os retos que supón a aprendizaxe mixta, relacionados coas necesidades de aprendizaxe dos estudantes e a súa orixe socioeconómica.</p> <p>G8. O equipo docente considera que non dispón dos medios dixitais necesarios para documentar a aprendizaxe do alumnado (a aula de informática permanece pechada pola alerta sanitaria).</p>
--------------------------------------	---	--

EXTERNOS	OPORTUNIDADES	AMEAZAS
----------	---------------	---------

CA
TE ADMINISTRACIÓN
GO CIÓN
RÍ EDUCATIVA
AS

C3.O centro mantén problemas de conectividade recurrentes como consecuencia da deficiente calidade da rede, que aínda non está cableada.

C3.Detéctanse problemas de cableado no centro que xeran dificultades de acceso a internet vía wifi nalgunhas clases.

C2. Malia que o centro conta con recursos dixitais, na súa maioría están obsoletos e fallan continuamente.

C5 A administración ofrece asistencia técnica pouco efectiva e resolutiva que desembocan en desconexións á rede. As empresas concesionarias acceden ao centro educativo sen deixar, en moitos casos, plan de traballo nin identificación algunha do persoal. A miúdo os traballos quedan incompletos.

C14 A distribución da rede no centro non facilita o uso de todos os espazos físicos do centro para abordar a aprendizaxe de tecnoloxía dixitais.

C16. O centro non dispón de biblioteca ou repositorios dixitais de uso compartido entre os docentes do centro.

<p>LEXISLACIÓN</p>	<p>C7.O centro ten en conta a lei de protección de datos para o desenvolvemento das actividades dixitais.</p>	
<p>CONTORNA</p>	<p>C11.A maioría das familias contan con recursos dixitais na casa. O alumnado de 5º e 6º usan ordenador Edixgal. O centro conta con convertibles para prestar ás familias que o precisen en caso de ensinanza mixta.</p>	<p>C12. O centro non conta cun plan de aprendizaxe mixta.</p>
<p>ANPA</p>	<p>Colaboración estreita coa ANPA</p>	<p>H 11. Debido ás condicións sanitarias actuais, a ANPA non está a desenvolver actividades extraescolares nas que se faga uso das tecnoloxías de información e da comunicación.</p>

OUTRAS ENTIDADES

B3. O concello amosa escasa colaboración co centro no referente á interacción e desenvolvemento de estratexias e actividades dixitais.

B4. O centro non colabora con outros centros e/ou organizacións para apoiar o uso das tecnoloxías dixitais, agás as aulas Edixgal, que colaboran dentro da rede de centros Edixgal compartindo experiencias dixitais a través de Aqueiro e de xuntanzas que se desenvolven mensualmente.

Plan de Acción

Obxectivos, indicadores e accións

Área/s de mellora: INFRAESTRUCTURAS E EQUIPAMENTO

OBJECTIVO 1:		Mellorar a conectividade do centro		Acadado	
Responsable:		Dirección do centro.		Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:		Calidade da conectividade continua da rede na aula			
Valor de partida:		Baixa conectividade ou conexión lenta á rede en varias aulas do centro			
Valor previsto e data:		100% de conectividade en bo funcionamento do centro á rede (rede por fibra)	21/12/2022		
ACCÍONS A DESENVOLVER					
DESCRIPCIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
AO1.1: Detección das necesidades do centro en relación á conectividade desta e realización da solicitude para a instalación de rede por fibra	Dirección Coordinador TIC Coordinador E-Dixgal	21/12/2022	Solicitude á UAC e asesor Abalar da Zona	Realizada	
				Aprazada	
					Pendente
AO1.2: Realización da solicitude da	Dirección	16/12/2022	Solicitude á UAC e asesor	Realizada	

revisión de cableado do interior do centro educativo.			Abalar da Zona		Aprazada			
AO1.3: Solicitud para reforzar puntos wifi do centro.	Dirección	10/12/2022	Solicitud á UAC e asesor Abalar da Zona		<table border="1"> <tr> <td data-bbox="331 64 389 273">Realizada</td> </tr> <tr> <td data-bbox="389 64 446 273">Aprazada</td> </tr> <tr> <td data-bbox="446 64 507 273">Pendente</td> </tr> </table>	Realizada	Aprazada	Pendente
Realizada								
Aprazada								
Pendente								

Área/s de mellora: INFRAESTRUCTURAS E EQUIPAMENTO

OBXECTIVO 2:		Actualizar os dispositivos dixitais das aulas.		Acadado	
Responsable:		Dirección		Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:		Número de equipos obsoletos a revisar e reponer.			
Valor de partida:		6 pizarras dixitais obsoletas e 15 ordenadores de aula moi antigos e lentos.			
Valor previsto e data:		6 pizarras dixitais e 15 ordenadores revisados/reposos.		20/06/2023	
ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRIPCIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
AO2.1: Realización/actualización do inventario dos equipos obsoletos e dos que precisan ser actualizados e/ou renovados.	Dirección	1/12/2022	Aplicación XADE-inventario Equipamento informático do centro	Realizada	
AO2.2: Detección das necesidades unha vez realizado/actualizado o inventario e realización da solicitude de actualización/reposición dos equipos obsoletos.	Director	30/ 11/ 2022	Solicitude á UAC	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	
				Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	

Área/s de mellora: INFRAESTRUCTURAS E EQUIPAMENTO

OBXECTIVO 3:	Actualizar os equipos dixitais da aula TIC, repoñer os obsoletos e completar para poder traballar unha clase enteira		Acadado		
Responsable:	Coordinador TIC		Non acadado		
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Ter todo o equipamento en condicións óptimas. 18 equipos existentes revisados. (dos dezaioito equipos existentes, 5 non funcionan)				
Valor de partida:	0% de equipos da aula TIC revisados.				
Valor previsto e data:	100% equipos revisados, actualizados, repostos e completar para 25 alumnos	30/05/2023			
ACCIÓN A DESENVOLVER					
DESCRIPCIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
AO3.1.:Determinar as necesidades de cada equipo da aula TIC	Coordinador TIC	16/12/ 2022	Técnico informático Equipamento informático		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO3.2.:Solicitar os novos equipos	Coordinador TIC	30/01/2023	Solicitud		Realizada

<p>para repoñer os que non funcionan e completar a aula TIC</p>	<p>Dirección do centro</p>				<table border="1"> <tr> <td data-bbox="194 67 263 273">Aprazada</td> <td data-bbox="263 67 325 273">Pendente</td> </tr> </table>	Aprazada	Pendente
Aprazada	Pendente						

Área/s de mellora: COLABORACIÓN E REDES

OBXECTIVO 4:	Colaborar con outras entidades para o desenvolver a competencia dixital		Acadado			
Responsable:	Coordinador de extraescolares		Non acadado			
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Número de colaboracións con outras entidades.					
Valor de partida:	0 colaboracións					
Valor previsto e data:	Tres colaboracións para diferentes niveis con mínimo dúas entidades.		15/06/ 2023			
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRIPCIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO4.1: Solicitar o programa Plan Director da Garda Civil para concienciación no uso das tecnoloxías dixitais	Equipo Directivo	Pendente da convocatoria	Convocatoria do Plan Director e solicitude desta.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2: Contactar co concello para charlas de diferentes temas.	Coordinador de actividades extraescolares	Pendente de convocatoria	Persoal do Concello Programas educativos do Concello		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.3: Solicitar o programa "Nave-	Equipo Directivo	Pendente da con-	Convocatoria do programa e		Realizada	

<p>ga con rumbo” da Xunta de Galicia en colaboración co colexio de enxeñeiros de Galicia para alumnado, profesorado e familias.</p>		<p>vocatoria</p>	<p>solicitud de desta</p>		<p>Aprazada</p>
					<p>Pendente</p>

Área/s de mellora: COLABORACIÓN E REDES

OBXECTIVO 5:	Crear un espacio colaborativo para profesorado do centro na AV		Acadado		
Responsable:	Coordinador TIC		Non acadado		
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Porcentaxe de participación do profesorado no espazo colaborativo				
Valor de partida:	0% de participación do profesorado				
Valor previsto e data:	50% de participación do profesorado		30/06/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER					
DESCRIPCIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
A05.1: Formación conxunta sobre o espazo de colaboración. Usos e foro.	Coordinador TIC.	15/10/ 2022	Aula Virtual e foros desta Equipos informáticos.. Profesorado	Realizada	Realizada
A05.2: Crear na AV o curso que usaremos para compartir contidos, experiencias e debate a través do foro.	Coordinador TIC.	15/10/2022	Aula Virtual e foros desta Profesorado	Aprazada	Aprazada
				Pendente	Pendente

A05.3: Dinamizar a participación	Dirección e coordinador TIC	30/06/2022	Aula virtual	Realizada
				Aprazada
				Pendente

Área/s de mellora: LIDERADO							
OBXECTIVO 6:	Manter a comunicación entre centro e familia a través da ferramenta Abalar						
Responsable:	Claustro						
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Porcentaxe de titores que realicen as comunicacións a través de Abalar.						
Valor de partida:	10% de profesorado que usa a ferramenta para a comunicación coas familias						
Valor previsto e data:	60% de profesorado que use a ferramenta para a comunicación coas familias 30/06/2023						
ACCIÓN A DESENVOLVER							
DESCRIPCIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	ESTADO		
	VALORACIÓN DA ACCIÓN	Realizada	Aprazada	Pendente	Realizada	Aprazada	Pendente
A06.1: Formar ás familia para o uso de Abalar móbil e garantir o bo funcionamento da ferramenta asesorando ás familias	Equipo directivo e tutorías	30/06/2023	Titorial sinxelo sobre o funcionamento da Aplicación para as familias. Aplicación Abalar		Realizada	Aprazada	Pendente
A06.2: Potenciar o uso de Abalar a través de envío periódico de información de interese para familias e profesorado.	Equipo directivo e tutorías	30/06/2023	Aplicación Abalar Información/novas do centro		Realizada	Aprazada	Pendente

Área/s de mellora: PEDAGOXÍA: APOIO E RECURSOS

OBXECTIVO 7:	Crear actividades e promover o uso da AV para todos os membros da comunidade educativa.		Acadado		
Responsable:	Claustro		Non acadado		
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Número de actividades desenvolvidas na aula virtual e publicidade destas na web do centro				
Valor de partida:	Catro actividades desenvolvidas na aula virtual para cada nivel e publicitada á comunidade educativa.				
Valor previsto e data:	Uso frecuente da aula virtual por parte de todo o profesorado e publicitada á comunidade educativa.		30/06/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER					
DESCRIPCIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
A07.1: Creación dos cursos e matricular a profesorado e alumnado segundo corresponda	Coordinador TIC/Aula Virtual	15/10/2022	Aula Virtual Listaxe de alumnado/profesorado	Realizada	Realizada
A07.2: Creación das actividades na aula virtual para cada nivel por	Claustro	30/06/2023	Aula virtual Equipos para o profesorado	Aprazada Pendente	Realizada Aprazada

parte do profesorado.					Pendente
AO7.2: Publicitar as actividades na aula virtual para que a comunidade educativa poida ter acceso a elas.	Titores	30/06/2023	Aula Virtual		Realizada
					Aprazada
					Pendente

Área/s de mellora: PEDAGOXÍA: IMPLEMENTACIÓN NA AULA

OBXECTIVO 8:		Elaborar materiais dixitais para usar na aula		Acadado	
Responsable:	Titor/a			Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Porcentaxe e docentes que elaboren materiais dixitais para implementar na aula e compartir na AV do centro.				
Valor de partida:	10% de profesorado que elabora material dixital				
Valor previsto e data:	40% do profesorado que elabora material dixital e comparte na A.V do centro.		30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER					
DESCRIPCIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
A08.1: Exploración das posibilidades que ofrece a aula virtual	Titor/a	30/10/ 2022	Aula Virtual Titoriais de funcionamento sobre a Aula Virtual		Realizada
A08.2: Elaboración de recursos para as aulas	Titor/a	30/06/2023	Equipamento informáticos Páxinas web educativas		Realizada
A08.3: Compartir os recursos reali-	Titor	30/06/2023	Aula Virtual		Realizada

zados na AV do centro			Recursos creados		Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: PEDAGOXÍA: IMPLEMENTACIÓN NA AULA

OBXECTIVO 9:		Selección de aplicacións e elaboración de actividades para o traballo na aula de E.I coa pizarra dixital		Acadado	
Responsable:	Equipo E.I				
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Porcentaxe de actividades de aula nas que se emprega a pizarra dixital por parte do alumnado				
Valor de partida:	10% de actividades nas que se usa a pizarra como recurso de aula por parte do alumnado				
Valor previsto e data:	25 % de actividades nas que se usa a pizarra como recurso de aula por parte do alumnado		20/06/ 2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER					
DESCRIPCIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
AO9.1: Selección de aplicacións axeitadas para a Etapa que poidan ser usadas na pizarra dixital.	Equipo de Infantil	30/12/ 2022	Pizarras dixitais e equipos de son e informáticos		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO9.2: Elaboración de actividades a partir das aplicacións seleccionadas e uso destas co alumnado.	Equipo de Infantil	30/03/2023	Pizarras dixitais e equipos de son e informáticos		Realizada
					Aprazada
					Pendente

Área/s de mellora: PEDAGOXÍA: IMPLEMENTACIÓN NA AULA

OBXECTIVO 10:		Introducir a robótica nas aulas de E.I	Acadado		
Responsable:	Equipo E.I		Non acadado		
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Número de material de robótica en El actual a través dun inventario. Número de aulas que inclúen sesións de robótica na aula				
Valor de partida:	1 escornabot				
Valor previsto e data:	1 aula que inclúe sesións de robótica na aula	4 escornabots e materiais para elaborar circuitos...	20/06/ 2023		
ACCÍONS A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
AO10.1: Detección de necesidades en relación ao material presente e o que se precisa a través dun inventario segundo a ratio e necesidades das aulas.	Coordinador TIC	30/10/ 2022	Inventario Material de robótica actual	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	

						Realizada
						Aprazada
						Pendente
AO10.2: Realización da solicitude correspondente para o envío de maetrial preciso: escornabots	Equipo Directivo	30/01/2023	Solicitude Aprobación de Claustro e Consello			Realizada
AO10.3: Montaxe de material enviado.	Equipo de Infantil	30/01/2023	<ul style="list-style-type: none"> - Robots de uso educativo, para EI. - kits de construcción, que permitan a realización de diferentes proxectos. - Manual de uso e guía didáctica. 			Pendente
AO10.3: Posta en común de actividades xa existentes e elaboración de novos materiais.	Educación Infantil	30/06/2023	Espazo na aula virtual do centro para uso compartido do profesorado.			Realizada
						Aprazada

Área/s de mellora: PEDAGOXÍA: IMPLEMENTACIÓN NA AULA

OBXECTIVO 11:		Introducir o pensamento computacional na aula.		Acadado	
Responsable:	Titores e titoras				
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Número de aulas que inclúen devandita actividade				
Valor de partida:	2 aulas que realizan actividades de pensamento computacional				
Valor previsto e data:	Mínimo de 10 aulas que realicen actividades de pensamento computacional			20/06/ 2023	
ACCIÓN A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
AO11.1: Formación básica en pensamento computacional a través de PLATEGA ou INTEF	Titores e titoras	20/06/ 2023	Equipos informáticos Solicitude de cursos nos que participar Plataformas de formación		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO11.2: Búsqueda e selección de actividades e recursos adaptados aos diferentes niveis.	Titores e titoras	30/01/2023	Equipos informáticos Páxinas web educativas		Realizada
					Aprazada
					Pendente

AO11..3: Elaboración de materiais e posta en práctica nas aulas.	Titores e titoras	30/06/2023	Equipos informáticos Programas de elaboración de materiais Páxinas web educativas	Realizada
				Aprazada

Área/s de mellora: PEDAGOXÍA: IMPLEMENTACIÓN NA AULA

OBXECTIVO 12:	Solicitar a participación na convocatoria de POLOS CREATIVOS (ORDE do 21 de abril de 2022 pola que se crea o programa de innovación educativa Polos creativos e se establece o procedemento para a participación dos centros docentes públicos dependentes desta consellería.)			Acadado
Responsable:	Equipo Directivo			Non acabado
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Número de solicitudes e número de profesorado participante no programa			
Valor de partida:	0 solicitudes e 0 profesorado participante			
Valor previsto e data:	1 solicitude e alomenos X profesorado participante			10/09/ 2022

ACCÍONS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO

AO12.1: Informar ao Claustro da intención de participar no programa Polos Creativos para coñecer opinión, ideas e posibles participantes.	Equipo Directivo	02/09/ 2022	Convocatoria Polos Creativos Convocatoria de claustro	Realizada
AO12.2: Elaboración do proxecto cos integrantes do Equipo de Polos Creativos.	Equipo Plan Dixital/Polos Creativos	10/09/ 2022	Convocatoria Polos Creativos Equipos informáticos	Realizada Aprazada Pendente
AO12.3: Presentación do proxecto ao Consello Escolar para a súa aprobación e presentación posterior deste a través da aplicación informática https://www.edu.xunta.gal/programaseducativos/	Equipo Directivo.	31/05/2022	Pizarra dixital e equipo informático Proxecto creado Convocatoria de Consello Escolar	Realizada Aprazada Pendente
AO12.4: Posta en marcha do programa de innovación educativa Polos creativos no caso de ser aceptados na súa participación.	Equipo Plan Dixital/Polos Creativos	30/10/2022	Proxecto creado dos Polos creativos Material enviado por ser aceptados nos Polos	Realizada Aprazada

Área/s de mellora: PRÁCTICAS DE AVALIACIÓN

OBJECTIVO 13:		Acadado	
Preparar ao alumnado de 3º ciclo de Educación Primaria en prácticas de coavaliación mediante rúbricas.		Non acadado	
Responsable:		Profesorado de 3º ciclo.	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:		Uso de rúbricas de coavaliación, por aula, naquelas actividades axeitadas a este instrumento de avaliación.	
Valor de partida:		Non existe uso actual nas aulas de rúbricas naquelas actividades axeitadas a este instrumento de avaliación.	
Valor previsto e data:		Uso nas 4 aulas de rúbricas naquelas actividades axeitadas a este instrumento de avaliación. 22/06/2023	
ACCIÓN A DESENVOLVER			
DESCRIPCIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS
			VALORACIÓN DA ACCIÓN
AO13.1: Elaboración de rúbricas e selección das actividades nas que se aplicarán.	Profesorado do 3º ciclo	22/06/2023	Equipos informáticos
			Realizada
			Aprazada
AO13.2: Formación básica do alumnado no uso de rúbricas e	Profesorado do 3º ciclo		Equipos informáticos de profesor e alumnado e pizarra
			Realizada
			Aprazada

posterior uso destas.		30/12/2022	dixital Alumnado Rúbricas elaboradas		Pendente
AO13.3: Utilización dos foros da aula virtual por parte do alumnado cos resultados das rúbricas.	Profesorado do 3º ciclo	22/06/2023	Equipos informáticos de profesor e alumnado e pizarra dixital	Realizada	
			Foro da Aula Virtual	Aprazada	
			Rúbricas Alumnado	Pendente	

Área/s de mellora: COMPETENCIAS DIXITAIS DO ALUMNADO

OBXECTIVO 14:	Proporcionar ferramentas e estratexias ao alumnado de Educación Primaria para o uso das tecnoloxías.	Acadado
Responsable:	Claustro	Non acadado
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Porcentaxe de actividades nas que se apliquen tecnoloxías e estratexias de pensamento computacional co alumnado.	
Valor de partida:	10% das aulas de Educación Primaria nas que se aplican tecnoloxías e estratexias de pensamento computacional co alumnado.	
Valor previsto e data:	30% das aulas de Educación Primaria que se aplican tecnoloxías e estratexias de pensamento computacional co alumnado.	22/06/2023

ACCIÓN A DESENVOLVER					
DESCRIPCIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO
AO14.1: Formación Básica ao alumnado no uso estratexias de pensamento computacional.	Claustro	22/06/2023	Equipos informáticos de profesor e alumnado e pizarra dixital Alumnado		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO14.2: Formación Básica ao alumnado no uso tecnoloxías dixitais aplicadas ao proceso E-A.	Claustro	22/06/2023	Equipos informáticos de profesor e alumnado e pizarra dixital Alumnado		Realizada
					Aprazada
					Pendente

Área/s de mellora: DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL CONTINUO

OBXECTIVO 15:	Promover e favorecer a formación continua do profesorado na Competencia Dixital Docente.	Acadado
Responsable:	Claustro	Non acadado
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Participación en actividades formativas para a mellora da Competencia Dixital Docente 50 % profesorado do centro que acade o nivel B1 segundo o Test CDD realizado no curso 21-22	

Valor de partida:		20% do profesorado que participa en actividades formativas para a mellora da súa Competencia Dixital Docente				
Valor previsto e data:		51,9 % profesorado do centro acadou o nivel Explorador/a (A2)				
Valor previsto e data:		30% do profesorado que participa en actividades formativas para a mellora da súa Competencia Dixital Docente				
ACCÍONS A DESENVOLVER		80% do profesorado que acade o nivel Integrador/a (B1)				
DESCRIPCIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO15.1: Organizar intercambio de experiencias entre o profesorado.	Equipo Directivo	22/06/2023	Equipos informáticos Profesorado		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO15.2: Participación en actividades organizadas por CAFI, CFR, IN-TEF...	Claustro	22/06/2023	Equipos informáticos Solicitude de participación en actividades		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

O profesorado centro atópase realizando unha avaliación exhaustiva de equipamento para realizar as solicitudes de reposición e reparación necesarias. Aínda así, o centro vén de solicitar a participación no proxecto Polos Creativos co fin de conseguir recursos que nos permitan realizar actividades coas que melloremos a competencia dixital de tódolos axentes implicados na educación (profesorado, alumnado, ...).

Por outra banda, precísase unha revisión urxente do cableado do centro e melloras na conectividade das aulas, pois á algunhas o sinal wifi chega de forma deficiente. Cremos que esta revisión é indispensable para poder usar tanto os recursos que agora mesmo temos dispoñibles coma os que se solicitan no presente Plan e no proxecto de Polos Creativos como mellora.

Equipamento/Infraestructuras	Unidades	Localización	Xustificación
Cableado do centro	Todo o cableado	Centro en xeral	Precísase revisalo pola súa lentitude de conexión...
Ordenadores de sobremesa	16	Aulas	Están obsoletos...
Pantallas dixitais	8	Aulas EI e 1º e 2º ciclo de primaria	Proxectores e pantallas moi obsoletos
Equipamento POLOS CREATIVOS		Polo creativo	Non existe

Avaliación do plan

No contexto da avaliación procesual a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluírán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.

No contexto da avaliación final a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluírán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

Ao final do curso ou do período plurianual, unha vez que se consolidaron as actuacións, débese volver avaliar globalmente a competencia dixital do centro utilizando a ferramenta SELFIE. Esta avaliación realizarase preferentemente ao final do curso escolar, cunha cadencia polo menos bienal e dará pé á revisión e actualización do Plan Dixital de Centro.

Difusión do plan

A publicidade e difusión do plan dixital entre toda a comunidade educativa realizarase a través da mensaxería abalar móbil e estará a disposición de todos os membros da comunidade educativa na aula virtual do centro, así coma na web:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdiazpardo/>